Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO

# REGULAMENTO XERAL

## Art. 1 - DATA

O Concello da Coruña e a Federación Galega de Atletismo organizan o próximo 8 de outubro de 2017 na Coruña a XI Carreira Popular Coruña10. A proba, incluída no calendario oficial de competicións da FGA e da RFEA, disputarase a través dun circuíto urbano homologado pola RFEA.

## Art. 2 - HORARIO

A saída da proba será ás 10.00 horas na avenida da Habana.

A saída da carreira para persoas discapacitadas en cadeira de rodas darase con antelación á absoluta, e o seu horario definitivo será comunicado antes da data da carreira.

## Art. 3 – CIRCUÍTO

A proba realizarase sobre a distancia de 10 Km. O percorrido está medido e homologado pola Real Federación Española de Atletismo e discorre sobre asfalto na súa totalidade. O percorrido estará debidamente sinalizado e terá marcados todos os puntos quilométricos. A carreira farase unicamente pola calzada do tráfico rodado en todo o seu ancho, sen utilizar ningunha zona peonil. Está prohibido usar como zona de carreira as beirarrúas, sebes centrais, zonas axardinadas etc. O non cumprimento desta norma, así como recortar sobre o trazado oficial, poderá supoñer a descualificación das persoas infractoras.

## ART. 4 - CONTROL TÉCNICO DA CARREIRA

As carreiras estarán controladas polo Comité Nacional de Xuíces da RFEA e o Comité Galego de Xuíces da FGA.

## Art. 5 - PECHE DE CONTROL DA CARREIRA

Por cuestións organizativas o peche da meta producirase unha hora despois da entrada na meta da primeira persoa clasificada. Pasada esa hora os/as corredores/as que permanezan en carreira deberanse retirar do circuíto.

## Art. 6 - CATEGORÍAS

- Júnior, nados/as en 1998 e 1999
- Promesa, nados/as en 1995, 1996 e 1997
- Sénior, nados/as desde 1994 ata veteranos
- Veteranos/as 1: De 35 a 40 anos cumpridos ata o día da proba
- Veteranos/as 2: De 41 a 49 anos cumpridos ata o dia da proba.
- Veteranos/as 3: De 50 a 59 anos cumpridos ata o dia da proba
- Veteranos/as 4: A partir de 60 anos cumpridos ata o dia da proba
- Discapacitados/as en cadeira de rodas: nados/as en 1999 e anos anteriores

## Art. 7 – INSCRICIÓN E COTA

**a)** A través da pasarela de pago inserida na páxina en liña da Federación Galega de Atletismo www.carreirasgalegas.com Estará operativa desde a publicación deste regulamento, ata as 23.59 horas do 1 de outubro de 2017.

**b)** Presencial: Cubrindo a folla de inscrición e abonando a correspondente cota, no Departamento de Deportes do Corte Inglés, **desde o martes 1 de agosto de 2017 ata as 22:00 horas do 23 de setembro de 2017.**

**Cota de inscrición**:

| LOCALIZACION CENTROS COMERCIAIS EL CORTE INGLÉS | | | LOCALIDADE |
|---|---|---|---|
| RAMÓN Y CAJAL | Departamento de Deportes (7ª andar) | Ramón y Cajal, 57 y 59 | A Coruña |
| MARINEDA CITY | Departamento de Deportes (2ª andar) | Carretera Baños de Arteixo, s/n. Polígono Industrial da Grela | |
| COMPOSTELA | Departamento de Deportes | Rúa do Restollal, 50 15702 Santiago de Compostela, A Coruña | Santiago de Compostela (A Coruña) |
| VIGO | Departamento de Deportes | C/ Gran Vía, 28, Vigo, Pontevedra | Vigo (Pontevedra) |

- Primeiro prazo: até o 24 de setembro: **5 €**
- Segundo prazo: até o 1 de outubro : **8 €**

## Art. 8 - DEVOLUCIÓN PARCIAL DA COTA

Só se devolverá a cota de inscrición en caso de lesión e/ou enfermidade, se se presenta un informe médico, ata unha semana antes da realización da proba, na Federación Galega de Atletismo (Avda. de Glasgow, 13 - Edificio Federacións. 15008, A Coruña).

No caso de non presentar o citado informe, non se realizará ningún reembolso. Para outros supostos xustificados, a organización valorará se procede a devolución da cota.

**Art. 9 - ENTREGA DE DORSAIS**

As persoas participantes serán informadas do lugar e horario da entrega de dorsais con chip integrado. É aconsellable retiralo con anterioridade ao día da carreira.

**Art. 10 - UTILIZACIÓN DE DORSAIS E CHIPS**

Os dorsais co chip integrado, persoais e intransferibles, son exclusivos para esta carreira, e deberán ir colocados na parte frontal do corpo de forma totalmente visible, sen dobraduras e sen manipulacións, e así se deberán levar durante toda a proba.

A organización non admitirá persoas corredoras que non estean inscritas ou que corran sen dorsal e/ou chip, e impedirase que teñan acceso á carreira en defensa dos dereitos das regulamentariamente inscritas. Non se permitirá a participación co dorsal e chip correspondentes a outra carreira ou corredor/a, con máis dun dorsal e/ou chip ou con dorsal falsificado ou distinto do oficial.

Calquera infracción destas normas supoñerá a descualificación das persoas corredoras afectadas.

**Art. 11 – COLOCACIÓN PREVIA**

As persoas participantes deberanse colocar na zona acoutada que lles corresponda na saída, segundo o dorsal que se lles asignase.

Estableceranse polo menos cinco caixóns de saída. Deberán estar nos seus postos 10 minutos antes do disparo oficial de saída.

**Art. 12 – SISTEMA DE CRONOMETRAXE**

O control da carreira estará dirixido polo Comité Galego de Xuíces e da R.F.E.A. Todas as reclamacións deberánselle facer verbalmente ao xuíz árbitro da proba ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

A cronometraxe realizarase mediante o sistema de chips. Haberá varios puntos de control de chips ao longo de todo o percorrido. As persoas participantes que non cumpran co paso por todos os puntos poderán ser descualificadas coa consecuente non aparición dos resultados finais.

**Art. 13 – AVITUALLAMENTOS**

Establecerase un punto de avituallamento durante o percorrido e na liña de meta para favorecer a hidratación dos/as participantes. Calquera avituallamento fóra da zona marcada pode supoñer a descualificación da proba.

Así mesmo poñeranse a disposición dos/as corredores/as colectores suficientes para a recollida dos residuos e que son de uso obrigatorio, polo que a non utilización destes por parte dos/as atletas poderá supoñer a descualificación.

**Art. 14 - SERVIZOS, DUCHAS E GARDARROUPA**

Estará dispoñible o servizo de duchas ao finalizar a carreira no Palacio de Deportes de Riazor.

**Art. 15 – UTILIZACIÓN DE MEDIOS FÍSICOS NATURAIS**

As persoas participantes terán que competir cos seus propios medios físicos naturais, sen axudas materiais de ningún tipo fóra das persoas corredoras en cadeira de rodas debidamente inscritas e que cumpran as normas do IPC Athletics. Calquera dúbida respecto diso deberá ser consultada coa organización antes de facer a inscrición.

Non está permitido o acompañamento en ningún momento da proba por ningún vehículo alleo á organización, nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcarlles ritmos ás persoas participantes. Ao mesmo tempo non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, nin correr acompañados destes en ningún momento, así como tampouco está permitida a participación con animais, nin correr acompañados destes en ningún momento.

Calquera infracción destas características poderá supoñer a descualificación do/a corredor/a.

**Art. 16 – PREMIOS**

**Xeral:**
1º clasificado/a: trofeo e 800 €
2º clasificado/a: trofeo e 600 €
3º clasificado/a: trofeo e 500 €
4º clasificado/a: 400 €
5º clasificado/a: 300 €
6º clasificado/a: 250 €
7º clasificado/a: 200 €
8º clasificado/a: 150 €

**Galegos (premio non acumulable):**
1º clasificado/a galego/a: 400 €
2º clasificado/a galego/a: 300 €
3º clasificado/a galego/a: 200 €

**Coruñés (premio non acumulable):**
1º clasificado/a coruñés/a: 100 €

Os premios en metálico non serán acumulativos, con excepción do récord da proba. En caso de duplicidade, aboarase a contía máis alta. Para poder recoller os premios será necesario xustificar documentalmente o ano de nacemento das persoas participantes, por medio do DNI as españolas, ou do documento legal en vigor (pasaporte) as estranxeiras. Todos os premios estarán suxeitos ás retencións legais vixentes.

Co obxecto de poder revisar as condicións estipuladas e atender a calquera posible reclamación, a organización resérvase a posibilidade de entregar os premios en metálico a partir do luns seguinte á data da competición. No caso de realizarse un control de dopaxe, os premios económicos quedarán retidos ata a súa resolución oficial.

**PREMIO ESPECIAL RÉCORD DA PROBA** (premio acumulable): O/a atleta que gañe a carreira e que bata o récord da proba tanto na categoría masculina (28:09) como na feminina (31:40) obterá un premio de 1.000 euros.

Ademais entregaránselles trofeos no palco de premiacións ás tres primeiras persoas clasificadas de cada unha das categorías indicadas no artigo 5.

A entrega de premios realizarase ás 13.30 horas.

Os/as atletas premiados deberanse situar na zona próxima á entrega de premios no momento no que pola megafonía se faga o anuncio do seu comezo, así como estar pendentes da chamada a cada unha das categorías.

Con carácter xeral, os/as atletas que non se presenten á recollida do seu premio no momento da entrega, perderán o dereito a recollelo. Exclusivamente poderán subir ao podio os/as atletas premiados/as. Non se lle entregará o premio a ninguén que non sexa o/a propio/a atleta.

Agradecémoslles ás persoas responsables dos clubs que teñan constancia de que o/a atleta non está presente que o comuniquen na zona de premiación canto antes para evitar esperas innecesarias.

Aquelas persoas que poidan alegar unha causa xustificada pola súa ausencia no momento da entrega deberanse poñer en contacto co Servizo Municipal de Deportes durante un prazo máximo de 15 días, onde se custodiarán os trofeos non recollidos.

**Art. 17** - **SERVIZOS MÉDICOS**

A proba disporá dos servizos médicos recomendados pola RFEA e de acordo coa lexislación vixente.

Recomendámoslles a todas as persoas participantes que cubran a parte posterior do dorsal cos datos de nome, apelidos, teléfono en caso de emerxencia, se ten algún problema médico (alerxia, atencións especiais etc.) ou se está baixo algún tratamento específico, así como o seu grupo sanguíneo.

**Art. 18 - DESCUALIFICACIÓNS**

Os membros da organización resérvanse a facultade de retirar da proba o/a atleta que manifeste un mal estado físico, que non lle facilite á organización a documentación que se lle requira ou os/as corredores/as que non respecten as indicacións da Policía Local, Protección Civil, xurado, servizos médicos ou membros da organización debidamente identificados.

Os/as xuíces da proba terán a facultade de descualificar o/a infractor/a que non leve visible o seu dorsal, que o manipule e/ou ceda a outro, altere os datos facilitados á organización con respecto aos que figuren no seu DNI ou ficha federativa, non complete o percorrido completo, ou incumpra calquera outra norma contemplada nas normas da FGA, RFEA e IAAF.

As persoas corredoras descualificadas non terán opción a premios nin trofeos.

**Art. 19 – LOPD**

Todas as persoas corredoras ao realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Mediante a inscrición, o/a participante consente expresamente que os seus datos sexan utilizados polo Concello da Coruña e a Federación Galega de Atletismo para comunicacións sobre as súas actividades.

En todo caso, de conformidade co establecido polo artigo 5 da LOPD, infórmase de que os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte de:

a) O ficheiro denominado INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, do que o responsable do tratamento será o Concello da Coruña, dos que as finalidades e usos previstos serán os seguintes: xestión centralizada das instalacións deportivas municipais, das actividades impartidas nelas e do uso de instalacións. Todos as persoas participantes ao realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Autorízase a tomar imaxes sempre que se utilicen para a promoción e difusión das devanditas actividades, así como á utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte do Servizo Municipal de Deportes. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Rexistro Xeral do Concello da Coruña (Pza. María Pita, 1) nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da devandita lei orgánica.

b) O ficheiro denominado ATLETAS, do que o responsable do tratamento será a Federación Galega de Atletismo, e cuxa finalidade será a relación de atletas federados/as na competicións oficiais, elaboración de ránking e estatísticas. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante a Federación Galega de Atletismo (Avda. Glasgow s/n. Complexo Deportivo de Elviña), nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da LOPD.

c) Esta proba pertence ao calendario oficial da Real Federación Española de Atletismo e mediante a súa inscrición, o/a corredor/a consente expresamente que os seus datos básicos (nome, apelidos, NIF/NIE/pasaporte, data de nacemento, sexo e código postal de residencia), sexan enviados á Real Federación Española de Atletismo para a xestión das licenzas de día, resultados e ránking. A posesión da licenza garante que o/a corredor/a participa cuberto/a por un seguro de responsabilidade civil e de accidentes.

**Art. 20 – RESPONSABILIDADE**

A organización non se fai responsable dos danos que puidesen causar ou causarse as persoas participantes por imprudencias ou neglixencias delas mesmas.

O/a participante declara, baixo a súa responsabilidade, que se realiza o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, e exime a organización da devandita responsabilidade.

A organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

**Art. 21 – CAMBIOS NO REGULAMENTO**

A organización resérvase o dereito de realizar algún cambio no presente regulamento se así o considerase, e deberao comunicar na web e na información ás persoas participantes.

**Art. 22 – COMPROMISO**

A inscrición na carreira implica a plena aceptación do presente regulamento.

**CONSIDERACIÓN FINAL:**

Todo o non reflectido no presente regulamento rexerase polas normas da FGA, RFEA e da IAAF.

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Resposabilidade Civil, así como a xestión da licencia de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow 13 – 15008 A Coruña

## ANEXO CARREIRA DE MENORES

### 1. INSCRICIÓNS:

As inscricións (gratuítas) realizaranse a través do formulario da páxina web da Federación Galega de Atletismo (www.carreirasgalegas.com).

Non se admitirá ningún corredor/a sen estar inscrito/a e sen o correspondente dorsal co chip incorporado.

### 2. CATEGORÍAS, HORARIOS* E DISTANCIAS:

| CATEGORÍA | HORARIO | DISTANCIA |
|---|---|---|
| Xuvenil (nados/as anos 2000/2001) | 11:30 | 2.600 m aprox. |
| Cadete (nados/as anos 2002/2003) | 11:50 | 2.600 m aprox. |
| Infantil feminino (nadas anos 2004/2005) | 12:10 | 1.600 m aprox. |
| Infantil masculino (nados anos 2004/2005) | 12:20 | 1.600 m aprox. |
| Alevín feminino (nadas anos 2006/2007) | 12:30 | 800 m aprox. |
| Alevín masculino (nados anos 2006/2007) | 12:35 | 800 m aprox. |
| Benxamín feminino (nadas anos 2008/2009) | 12:40 | 800 m aprox. |
| Benxamín masculino (nados anos 2008/2009) | 12:45 | 800 m aprox. |
| Prebenxamín (nados/as anos 2010/2011/2012) | 12:50 | 150 m aprox. |

**Estes horarios son orientativos e poden sufrir alteracións en función do número de participantes.*

### 3. TROFEOS:

Entregaránselles trofeos ás tres primeiras persoas clasificadas de cada categoría, excepto á categoría prebenxamín.

### 4. PREBENXAMÍNS

Os prebenxamíns deberán correr sós sen seren acompañados en ningún momento por ningunha persoa ou corredor doutra categoría.

Esta carreira é unicamente participativa e non competitiva.

Todos as persoas participantes nesta categoría recibirán unha medalla.